FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CURSO DE FORMACIÓN DE ARBITRAXE AUTONÓMICA DE CARREIRAS POR MONTAÑA

HOMOLOGADO POR EEAM – FEDME

Mondariz 13, 14 e 15 de novembro 2026

A *Federación Galega de Montañismo* (daquí en diante FGM) convoca mediante este curso a todos aqueles deportistas con licencia da *Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada* (daquí en diante FEDME) que desexen formarse como árbitros/as en competicións de carreiras por montaña no ámbito autonómico.

Titulación

Árbitro/a autonómico de carreiras por montaña da FGM con homologación FEDME a través da *Escuela Española de Alta Montaña* (EEAM)

Obxectivo

Formación destinada a dotar as competicións de carreiras por montaña do equipo técnico adecuado para a súa supervisión e arbitraxe. Os participantes que finalicen o curso e obteñan o título de árbitro/a, deberán coñecer á perfección o regulamento de competición e deberán, polo tanto, facelo cumplir nas competición nas que sexan designados.

Competencias da titulación

Aquelas que se establecen nos regulamentos oficiais de competición da *Federación Galega de Montañismo* (FGM) e da *Federación Española de Deportes de Montaña e Escalda* (FEDME).

Requisitos de acceso

- Estar en posesión da licencia federativa FEDME (modalidade B).
- Ter 18 anos cumpridos.
- Estudos de ESO ou superior.
- Acreditar a participación nunha proba de CxM en liña homologada antes da finalización do curso (prazo total 1 ano).

Recoméndase aos interesados/as habilidades no uso de sistemas informáticos (documentos, excel, tracks,IA..) así como experiencia en participación en probas de CxM.

Prazas ofertadas

Convócanse un total de 16 prazas, con preferencia/prioridade de 4 prazas para cada unha das provincias galegas. Asignación por orde de inscrición.

O número mínimo para que se imparta o curso é de 8 persoas.

Cuota e dereitos

O prezo da inscrición é de 170 euros.

Inclúe os dereitos de participación no curso, tasa FEDME, dereitos de avaliación (unha convocatoria ordinaria), documentación en formato dixital e diploma final para os aprobados.

Non inclúe aloxamento e manutención.

Ofrecemos como alternativa para os participantes interesados reserva no Albergue Alentea (Covelo). O prezo acordado do aloxamento e media pensión para a fin de semana é de 55 euros por persoa (dúas noites, dous almorzos e dúas cenas).

Lugar, datas e horarios.

Biblioteca do Concello de Mondariz a fin de semana do venres 13 ao domingo 15 de novembro de 2026.

Venres 13. Inicio 16h – Fin 21h

Sábado 14. Inicio 9h – Fin 20h

Domingo 15. Inicio 9h -Fin 14h

Inscrición

Do 6 ao 12 de outubro a través do formulario habilitado na páxina web da FGM *www.fedgalmon.gal*

Profesorado

Dirección do curso e docente:

- Helga Lages Vidal. Árbitro autonómica FGM. Coordinadora arbitraxe CxM FGM e membro do Comité de arbitraxe da FGM.

Docentes:

- Tomás Salvador Fuentes. Árbitro FEDME e coordinador arbitraxe CxM FEDME.
- Javier Manuel Fernández Santoveña. Árbitro FEDME e coordinador arbitraxe CxM Federación de Deportes de Montaña, Escalada y Senderismo del Principado de Asturias (FEMPA).
- Alejandro López Sánchez. Presidente da FGM. Avogado e alpinista.
- Mariló Méndez Vázquez. Médico colexiada nº 29/08787. Diploma Internacional Medicina de Montaña.
- Sebastián Reboreda Lorenzo. Presidente A.D. Mondariz. Organizador CxM.
- Saba González Lorenzo. Licenciada en química. Consultora ambiental y formadora.

Carga lectiva e distribución de contidos.

O curso repártese en 20 horas lectivas cunha proba de avaliación, máis unha práctica tutorizada en competición oficial, que deberá ter lugar no transcurso do ano seguinte á realización do curso.

Táboa de contidos e distribución horaria.

Módulo 1. Estructura federativa	
Obxectivos	Dar a coñecer ao alumnado a estructura organizativa da federación, as funcións de cada unha das áreas, estamentos e departamentos.
Contido	- Organigrama federativo, os Estatutos, os Regulamentos internos e as funcións. - O comité arbitral, a súa estructura, funcións e normas de funcionamento.
Carga horaria	2 horas

Módulo 2. Regulamento de competición	
Obxectivos	Dotar ao alumnado do máximo nivel de coñecemento de cada un dos puntos do regulamento e as súas posibles interpretacións, analizando e estudiando casos prácticos.
Contido	- Regulamento de Competición da disciplina deportiva correspondente. - Modalidades, espacio de práctica, desenvolvemento das competicións e incidencias.
Carga horaria	4 horas

Módulo 3. Entorno legal das competicións	
Obxectivos	Dar a coñecer ao alumnado as responsabilidades que se adquiren como árbitro/a, así como a regulamentación que se debe cumprir e as leis que amparan e rixen o deporte estatal e autonómico.
Contido	- Lexislación deportiva xeral. - Lexislación sobre federacións deportivas.
Carga Horaria	1 hora

Módulo 4. Organización de competicións	
Obxectivos	Coñecer cómo é a organización dunha competición por dentro, a súa estructura básica, as diferentes áreas que a compoñen, a marcaxe e consecución dos obxectivos, a búsqueda de patrocinio e outros aspectos relacionados coa parte loxística da competición.
Contido	- Organigrama básico da organización dunha competición. - Funcionamento das distintas áreas da organización da competición.
Carga horaria	2 horas.

Módulo 5. Procedementos antidoping	
Obxectivo	Expoñer ao alumnado os distintos sistemas de control de doping que existen, procedementos a empregar en cada caso, consecuencias da dopaxe nos deportistas, así como as sustancias dopantes e a súa procedencia.
Contido	- Procedementos empregados polo equipo médico do *Consejo Superior de Deportes* (AEPSAD). - Actuación dun árbitro nunha competición na que se realice un control. - Casos prácticos de control de doping.
Carga horaria	1 hora

Módulo 6. Protocolo de actuación ante un accidente	
Obxectivo	Dotar ao alumnado dos coñecementos básicos relativos aos protocolos de actuación en caso de accidente, adquirindo coñecementos sobre o que se debe facer, cómo actuar, a quen avisar e, tamén, o que non se debe realizar.

Contido	- Información básica sobre primeiros auxilios. - Protocolo PAS. - Exemplos de posibles accidentes que se poden producir durante o desenvolvemento dunha carreira por montaña.
Carga horaria	1,5 horas

Módulo 7. Protocolo de protección do media ambiente	
Obxectivo	Concienciar ao alumnado da importancia da protección do medio ambiente e profundizar especialmente nos puntos do regulamento no que se fai referencia ao tema.
Contido	- Lexislación medioambiental, normas de comportamento e coidados especiais.
Carga horaria	1hora

Módulo 8. Diseño, marcaxe e seguridade dos percorridos	
Obxectivo	Aprender a diseñar un itinerario correcto que cumpra co regulamento, así como unificar criterios de marcaxe e utilización de materiais.
Contido	- Contidos teóricos sobre diseño e seguridade de percorridos. - Contidos prácticos mediante traballo de campo sobre marcaxe de percorridos.
Carga horaria	3,5 horas

Módulo 9. Comunicacións durante a competición	
Obxectivo	Coñecer os diferentes dispositivos de comunicación entre puntos de control e entre o persoal da competición.
Contido	- Radiofrecuencias e o seu entorno legal. - Exposición e práctica con diferentes sistemas de comunicación. - Optimización dos dispositivos e cobertura de zonas “negras”.
Carga horaria	2 horas

Módulo 10. Clasificacións informáticas para as competicións	
Obxectivo	Expoñer ao alumnado os distintos sistemas de toma de tempos existentes e conciencialos sobre a importancia dos pasos previos e a correcta toma de datos dos participantes.
Contido	- Inscripcións, toma de tempos, fichas de percorridos, actas, uso de programas informáticos, follas e procedemento de reclamación.
Carga horaria	2 horas

Período tutelado de prácticas

Para a finzalización do curso requírese a realización dunha práctica tutelada co fin de afianzar os coñecementos adquiridos nunha situación real de competición.

Máis información

Na *Federación Galega de Montañismo* Rúa Fotógrafo Luís Ksado17 oficina 10 Vigo.

No teléfono 986 208 758

Escribindo ás seguintes direccións de correo:

carreiras.arbitraxe@fedgalmon.gal

fedgalmon@fedgalmon.gal

directortecnico@fedgalmon.gal

Entidades colaboradoras

Concello de Mondariz

A.D. Mondariz

Fundación Deporte Galego

Xunta de Galicia